

HISTORIAS DE MULLERES

SEIS DA TARDE

Esta tarde volví á casa correndo, asustada, pensando por que me tiñan que pasar a min estas cousas, por que xa fora a segunda vez no mes na que volví a casa con medo, e non, non era de noite, non, non tiña unha saia moi curta ou un escote moi pronunciado, tampouco ía bébeda ou calquera outra das explicacións que dan os medios de comunicación para xustificar o acoso e as violacións constantes que sofren as mulleres.

Eran as seis da tarde e volví para casa despois de volver da facultade, a metade de camiño tiveron a mala sorte de pasar por diante dunha taberna chea de homes gritando barbaridades sen parar. Intentei pasar o máis rápido que puiden para evitar algún dos seus “piropos”, ou polo menos así é como eles o chaman. Pensei que ao pasar pola porta aí acabaría todo, pero inxenua de min non me decaté de que dous daqueles homes corentóns saíran da taberna e comezaran a seguirme, quizáis non fora por min, quizáis asusteime sen motivo e en realidade os homes saíron nese momento por casualidade, o mundo caéuseme ós pes cando escoitei aos homes detrás miña falando entre eles pola rúa e describindo todas as miñas partes do corpo unha a unha elevando a voz para que eu, e todo o que pasara por alí se decatara de que eu lles gustaba, mellor dito, o meu corpo lles gustaba.

Chamei á miña compañeira de piso e conteille o que me estaba a ocorrer, ela asustada respondeume que non estaba na casa. Non quixen chamar á miña nai para non preocupala, xa que como dixeran antes, esta non era a primeira vez na que me vía envolta nun problema coma este.

Intentei tomalo todo con calma, pero na miña cabeza só sonaba a mesma frase, “e se eu son a seguinte?”. “E se non son capaz de saír viva desta?”

Xa sei o que estaredes a pensar, menuda esaxerada, eu tamén o pensei pero, de esaxerada non tiña nada, porque eu, e todas as mulleres temos dereito de ir pola rúa sen que ningunha persoa nos diga nada sobre o noso corpo e temos dereito a poder ir camiñar tranquilas sen ter medo a non chegar á casa.

Continuei camiñando intentando darlles esquinazo, non había forma. Cando estaba chegando ao meu portal saquei as chaves, sentindo como cada vez os homes estaban mais e mais preto de min, sen saber se este sería o final dunha trágica historia, ou o meu final.

Nun golpe de sorte atopei a un amigo pasando polo outro lado da rúa, e escoitando o que tal dicían os homes e vendo a situación na que me atopaba, correu á miña beira e comezou a falar-me e preguntarme como me encontraba, os homes, sen saber moi ben que facer ao ver que xa non estaba soa, decidiron dar media volta e marchar insultándonos co mesmo ton elevado de antes.

Invitei ao meu amigo a pasar conteille e todo o ocorrido, así como todas as outras ocasións similares, el, sen dar creto, deume unha aperta moi forte, e así, os dous estoupamos a chorar.

Se eu estou tan atemorizada e traumatizada por todo isto que me pasou, que me sigan, acosen, griten, non me podo nin imaxinar a profunda tristeza na que están afundidas moitas das rapazas e mulleres violadas e maltratadas. Párteseme o corazón en millóns de anacos, un por cada muller maltratada.

Nin unha máis.

Amara Argibay González
4º ESO